



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.

Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758  
secretaria@fedgalmon.gal — www.fedgalmon.gal



En Vigo, a 13 de maio de 2026.

**DON ALEJANDRO LOPEZ SANCHEZ**, con DNI nº 32.824.044-P, actuando na miña condición de presidente da FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO, **DIGO**

**I.-** En cumprimento do disposto no regulamento electoral e no calendario aprobados por esta entidade a que represento e ratificados pola Xunta de Galicia, para as eleccións a asemblea xeral e xunta directiva ano 2026, pola presente veño, na data de hoxe, a **CONVOCAR oficialmente as ELECCIONS DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO.**

**II.-** De acordo co disposto no regulamento electoral e con data de hoxe (13/5/2026) a Xunta Directiva queda disolta formándose unha comisión Xestora composta polos seguinte membros nombrados pola Comisión Delegada e Xunta Directiva da Federación (esta última en acordo de 10 de maio de 2026):

Presidente da comisión xestora: Alejandro López Sánchez

Membros da comisión xestora: Fausto Blanco Alvarez (árbitro) / Pilar Vázquez Fariña (técnico) / Fernando Fernández Rey (deportista) / Club Montaña Ferrol (rptda por Xan Ramírez Gómez) + María Antonia Castiñeira García (secretaria xeral) / Marta Trueba Gayol (tesorera) / Henrique Freixeiro Cameselle e Fernando Cancelo Barbeito.

Suplentes: Rocio Pita Alfonso (deportista) / Katya Sanz Ochoa (técnico) / Xose Manuel Otero Fernández / Ruben Suárez Carballo.

**III.-** Acompañado con esta convocatoria se remite a todos os interesados e se publica na páxina web (apartado ELECCIONS 2026) o calendario electoral e regulamento electoral, así como o censo electoral provisional que estará colgado na web nas datas establecidas no calendario.

A distribución do número de persoas membros da asemblea xeral por especialidades, estamentos e circunscricións electorais será a seguinte:

**O número de membros da asemblea xeral é de “68”**, correspondendo ao estamento de clubs deportivos 48, (das cales as especialidades non competitivas englobadas 1 no



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.

Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758

secretaria@fedgalmon.gal — www.fedgalmon.gal



término montañismo correspóndelle “30”, á especialidade de escalada de competición, “7”, á especialidade de Carreiras por montaña, “7” e a especialidade de marcha nórdica “2”) ao estamento de deportistas “14”, dos cales a deportistas de alto nivel “1” (das cales as especialidades non competitivas englobadas no término montañismo correspóndelle “8”, á especialidade de escalada de competición, “2”, á especialidade de Carreiras por montaña, “2” e a especialidade de marcha nórdica “1”), técnicos ou adestradores “3”, e a xuíces/árbitros “3”, (das cales correspóndelle “1”, á especialidade de escalada de competición, “1” á especialidade de Carreiras por montaña, e “1” e a especialidade de marcha nórdica ).

A **data, lugar e o horario de celebración das votacións a asemblea xeral** será a seguinte: 18 de xullo de 2026 nas seguintes sedes:

**a) Vigo:** sede da Federación Galega de Montañismo (Edificio das Federacións: fotógrafo Luis Ksado) en horario de 10 a 17 horas.

**b) A Coruña:** Polideportivo de Elviña – Salón de actos. En horario de 10 a 17 horas.

Os modelos oficiais de sobres e papeletas son os que constan no regulamento electoral que estará colgado na páxina web da federación para maior comodidade dos electores. O sistema de **voto por correo** será o seguinte:

As solicitudes de voto por correo poderán presentarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Presentarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, dirixida ao órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, conforme ao modelo do anexo II (código do procedemento DE200A). A presentación electrónica será obrigatoria para as entidades deportivas e outras persoas electoras que estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.

Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758

secretaria@fedgalmon.gal — www.fedgalmon.gal



efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No caso das persoas xurídicas deberá solicitar o voto por correo a persoa que apareza no censo como representante. As persoas interesadas que non estean obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, opcionalmente poderán presentalas nos servizos provinciais do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte ou en calquera dos lugares e rexistros previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

b) Recibida a solicitude, a Administración deportiva comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral, e enviaralle por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude ou, na súa falta, ao que figure no censo.

c) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre de votación do estamento e, se é o caso, especialidade deportiva e circunscrición á que pertenza. Posteriormente, este sobre introducirase dentro do que vai dirixido á mesa electoral do voto por correo, xunto coa fotocopia do NIF ou documento identificativo equivalente.

d) O envío deberá realizarse, nalgunha das oficinas de Correos, antes do sexto día hábil previo á data de celebración das eleccións, e deberá dirixirse ao enderezo do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, que custodiará a documentación ata o día da votación.

3. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.

4. O sobre que remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os datos recollidos no anexo I deste regulamento.



# FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.

Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758  
secretaria@fedgalmon.gal — www.fedgalmon.gal



FASE IV. CENSO DEFINITIVO, CANDIDATURAS Á ASEMBLEA XERAL, VOTO POR <b>CORREO</b>		
1	Aprobación pola Xunta Electoral do censo electoral definitivo e remisión á SXD	12 xuño 2026
2	a) Presentación de candidaturas á A.X.	17 xuño 2026
	b) Fin prazo para solicitar voto por <b>correo</b>	19 xuño 2026
3	Publicación provisional de candidaturas á A.X.	18 xuño 2026
4	Recursos ante a Xunta Electoral (XE)	23 xuño 2026
5	Resolución da XE das reclamacións	29 xuño 2026
6	Recurso ante o CGXD	2 xullo 2026
7	Resolución do CGXD	13 xullo 2026
8	Proclamación definitiva de candidaturas: a) Se non hai recursos ante a Xunta electoral:	25 xuño 2026.
	b) Se hai recursos ante a Xunta electoral:	14 xullo 2026
9	Fin do prazo para emitir o voto por <b>correo</b>	10 xullo 2026
10	Fin do prazo para solicitar interventores	15 xullo 2026

IV.- Segundo o acordado pola ASAMBLEA XERAL da FGM, a composición da Xunta electoral é a seguinte:

- Titular 1: María Luisa Martínez Bello
- Titular 2: Cristina Villar Lampón
- Titular 3: Jaime Larriet Gacedo.
- Suplente 1º: Alfonso Louro Fuentes.
- Suplente 2ª: Ana Fernández Fernández.
- Suplente 3º: Gustavo Vázquez Fariña

O prazo de recusación será o establecido legalmente pola normativa de procedemento e a través dos cauces legalmente sinalados.

A forma de remisión da documentación á xunta electoral e á Secretaría Xeral para o Deporte, serla a través do enderezo [xuntaelectoral@fedgalmon.gal](mailto:xuntaelectoral@fedgalmon.gal) / Rúa Fotógrafo Ksado, 17 Oficina nº 10, CP36209 Vigo, ou ben directamente por sede electrónica a Xunta de Galicia (secretaria xeral para o Deporte).

O que se comunica ós efectos legais e procedimentais oportunos, en Vigo a 13 de maio de 2026.

Alejandro López Sánchez - Presidente FGM